

CIENCIAS NATURAIS.

Esta semana tedes que ler o seguinte resumen para comenzar a familiarizarnos cos contidos do novo tema , é moi doado .Cando xa o teñades leído e o comprendades ,intentades facer os exercicios.

Podedes memorizar os datos máis importantes.

A MATERIA E AS SÚAS PROPIEDADES.

Propiedades da materia.

Todas as cousas que nos rodean, a túa roupa, o aire que respiras, a auga que bebes..... están feitas con materia.

Toda a materia ten masa e volume.

A masa é a cantidade de materia que ten un obxecto. A masa mídese en gramos ou quilogramos. Mídese con básculas e balanzas.



O volume é o espazo que ocupa un obxecto. O volume mídese en litros.

Mídese con xerras e vasos medidores e probetas.



Outras propiedades da materia.

Cada clase de materia ten outras propiedades que a fan diferente das demais materias:

A materia pode ser flexible porque se dobra sen romper. por exemplo a tea



A materia pode ser ríxida porque non se pode dobrar. Por exemplo o plástico.



A materia pode ser illante porque non conduce a calor. Por exemplo a madeira.



A materia pode ser condutora da calor. Por exemplo o metal.



Tixola feita de metal.

Se tocas unha tixola de metal ao lume quéimaste.

A materia pode ser resistente porque é difícil de romper. Por exemplo o aceiro.



Pota feita de aceiro.

A materia pode ser fráxil porque é fácil de romper. Por exemplo o cristal.



Vasos de cristal.

Substancias puras e mesturas.

A materia pode estar formada por unha soa substancia. Por exemplo o sal. O sal é unha substancia pura.



A materia tamén pode ser unha mestura de substancias. Por exemplo a maionesa.

A maionesa é unha mezcla de aceite, ovo, limón e sal.



Tipos de mesturas.

Hai dous tipos de mesturas:

- As mesturas homoxéneas son as que non podemos ver as substancias que a compoñen. Por exemplo o zume de tomate.




- As mesturas heteroxéneas son as que si se poden ver as substancias que a compoñen. Por exemplo a paella ou a pizza.




Separamos as mesturas.

Para separar mesturas hai distintas formas:

A filtración serve para separar mesturas heteroxéneas formadas por un sólido e un líquido, como a auga con area.



A destilación serve para separar mesturas homoxéneas de líquidos.



Quentamos a mestura ata que se evapore un dos líquidos. Ao arrefriarse, o líquido condénsase e recóllese de forma líquida.

A evaporación, que separa mesturas homoxéneas formadas por un sólido e un líquido, como a auga e o sal.



Quentamos a mestura. Cando pasa un pouco de tempo, a auga evapórouse e queda o sal no fondo.

EXERCICIOS.

Que é a materia? Intenta dicir cal é resposta correcta.

	Todo aquilo que ten un volume e ocupa unha masa.
	Todo aquilo que ten masa e ocupa un volume.
	Todo aquilo que ten una masa e ningún volume.

Indica en cada columna se corresponde a unha mestura homoxénea ou heteroxénea.

auga con sal – auga con aceite – macarróns con tomate –

--	--

Mestura homoxénea	Mestura heteroxénea